

EXPOSICIÓN

**AMAYA GONZÁLEZ REYES**

***Entrar na obra. Perder(se) nela***

16 decembro 2011 – 20 maio 2012

**ENTRAR NA OBRA, 5**



**DATAS**

16 decembro 2011 – 20 maio 2012

**LUGAR**

Salas de exposición do primeiro andar

**HORARIO**

Martes a sábados (festivos incluídos) de 11.00 a 21.00

Domingos, de 11.00 a 15.00

**COMISARIOS**

Agar Ledo Arias e Iñaki Martínez Antelo

**PRODUCCIÓN**

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Amaya González Reyes  
Sen título  
Da serie *Asalto (est)ético*, 2011  
Fotografía dixital enmarcada  
80 x 60 cm  
Cortesía da artista

## PRESENTACIÓN

A exposición de Amaya González Reyes é a quinta e última proposta do ciclo 'ENTRAR NA OBRA', que se desenvolve ao longo de varios meses nas salas do primeiro andar, e cuxo título está tomado da célebre peza de Giovanni Anselmo *Entrare nell'opera* (1971). O paradoxo que rodea o concepto de espectador e que o sitúa entre a pasividade e a acción é o punto de partida desta serie de proxectos, que analizan ao público, ao visitante, ao espectador, á audiencia, como un elemento inherente á obra.

## OBRAS EN EXPOSICIÓN

Amaya González Reyes (Sanxenxo, Pontevedra, 1979) reserva para o espectador un espazo propio e emprázao a descifrar as obsesións da artista; un aspecto que se relaciona co título —ou subtítulo— elixido para a súa proposta: 'Entrar na obra. Perder(se) nela'.

A exposición reúne un conxunto de doce obras, de nova produción, realizadas en 2011, que inclúen instalacións ou esculturas/obxectos, ademais dunha videoproxección e cinco fotografías da serie *Asalto (est)ético*.

## SÍNTESIS DOPROXECTO EXPOSITIVO

---

### 'Entrar na obra'

'Entrar na obra' é un ciclo de exposicións que se está a desenvolver nas salas do primeiro andar do MARCO. O título do ciclo está tomado da célebre peza de Giovanni Anselmo *Entrare nell'opera* (1971), emulsión fotográfica sobre lenzo, na que o artista se fotografa a si mesmo atravesando unha aba nunha acción que interpretamos como reveladora sobre a relación entre o artista e a súa obra e entre o espazo e o tempo. O artista altera o seu papel e xera unha situación de integración, ante a que tamén reacciona o espectador, que, se ben non entra fisicamente na obra, participa sendo testemuña desta ruptura dos límites tradicionais que separan suxeito e obxecto. O significado último reside, pois, na reacción do espectador.

O papel fundamental do espectador no proceso de creación da obra de arte formou parte, nas últimas décadas, de discusións e ensaios. Ao longo do século XX xorden os conceptos de obra aberta, espectador emancipado ou morte do autor, e o rol do público pasa a ser esencial para completar a peza, mediante a súa mera presenza física ou a necesidade de implicarse activamente. O artista xa non é o eixe central do proceso e as coordenadas de percepción márcanas, como escribe Douglas Crimp, non só o encontro entre o espectador e a obra, senón entre ambos os dous e o espazo que ocupan. En que grao necesita o público estar ante a obra? O simple feito de mirar non ten xa valor?

O paradoxo que rodea o concepto de espectador e que o sitúa entre a pasividade e a acción é o punto de partida desta serie de proxectos, que analizan a condición do público como elemento inherente á obra. A relación directa entre ambos os dous, o intercambio físico ou a reciprocidade inmediata xeran unha nova dimensión na que tempo e espazo alteran as condicións da recepción e da percepción.

O ciclo 'Entrar na obra' incluíu proxectos de Loreto Martínez Troncoso, Wilfredo Prieto, Rubén Grilo e Karmelo Bermejo, e finaliza agora coa proposta de Amaya González Reyes.

### **Amaya González Reyes**

#### ***Entrar na obra. Perder(se) nela***

Amaya González Reyes reserva para o espectador un espazo propio e emprázao a descifrar as obsesións da artista; un aspecto que se relaciona co título —ou subtítulo— elixido para a súa proposta: 'Entrar na obra. Perder(se) nela'. A exposición reúne un conxunto de obras que, a partir da idea central de *perda*, no máis amplo sentido do termo, fan referencia a xogos de significado, a sensacións contraditorias ou complementarias —o confort, o capricho, a satisfacción, pero tamén a trampa, o desencanto, o pesadelo—, ao dilema entre sentimento e razón, en liña co inconformismo e ambivalencia que son característicos da súa obra.

Nos traballos de Amaya González Reyes hai unha constante alusión á busca e ao proceso, a esa presenza física da artista que nos remite á acción como xeradora da obra. Esculturas, fotografías ou instalacións portadoras dun significado aberto, onde a presenza/ausencia da artista e as relacións que establecen as pezas entre si, provocan un cruzamento de narrativas e múltiples interrogantes no seu encontro co espectador.

## TEXTO CURATORIAL

---

“*Entrar na obra. Perder(se) nela* invita ao espectador a descifrar as obsesións da artista durante o percorrido por unha exposición que, tal como o seu título suxire, está directamente relacionada coa busca constante, co inconformismo e a ambivalencia que caracterizan a obra de Amaya González Reyes.

A referencia a si mesma, o interese polo proceso e a busca da perfecta definición de arte son aspectos fundamentais do seu traballo —*En efectivo; Osadía (quiero ser un poco como On Kawara); Yo gasto; Una idea brillante y otras historias adorables*— que reaparecen nas súas pezas recentes. De carácter autobiográfico, as obras en exposición provocan un cruzamento de narrativas e múltiples interrogantes no seu encontro co espectador, a quen se invita a participar nun xogo de significados. Son un conxunto de obras de nova produción que se refiren á idea de perda, de ‘non conseguir o que espera, desexa ou ama’, segundo describe o dicionario da Real Academia Española.

‘Falar da perda pode ser falar da falta, ou da dúbida, ou da necesidade de busca, ou mesmo da sensación de sentirse vencido ou atrapado, pero tamén da posibilidade de fascinación, de recrearse e ensimesmarse ata quedar embriagado.

Perder... o sentido?, as formas?, a continuidade?, o criterio? o tempo? Unha exposición cuxo centro é a loita entre sentir e pensar, querer e deber, indagando no que creo que quedou polo camiño. Un lugar onde os camiños se cruzan e se reformulan, e un enorme nó onde se confunden as extensións: o eu, o desexo, a necesidade, o capricho, o valor, o azar, o tempo, a presenza, a aparencia, a satisfacción... Un ir e vir no interior que evidencia o estado de desorientación no que me atopo —alén do persoal e das salas de exposición— ou quizais un reflexo do momento que me toca vivir’. [Amaya González Reyes]

Unha peaña recibe o visitante. Nela custódíase unha escultura (*Mitose*, 2011) que na súa abstracción se aproxima a unha forma orgánica duplicada. Un cerebro-corazón, nun pequeno aceno á dualidade entre pensamento e emoción, entre razón e sentimento. Existe unha lixeira asimetría nas dúas pezas que a compoñen, provocada pola factura manual das partes que a artista deseña e compón pacientemente no seu taller. A duplicidade introduce o espectador nun xogo de ambigüidades que se repite ao longo da exposición, entendendo que, só liberado do peso da razón, o visitante poderá participar do proceso artístico, do proceso de busca.

A perda de orientación que provoca a disxuntiva entre razón e emoción materialízase tamén en pezas como a serie de fotografías *Asalto (est)ético*, 2011. A artista autorretrátase cunha media na cabeza, nunha afirmación do uso do corpo como material e da importancia da acción, que considera un paso previo na formalización dos seus traballos. O seu rostro aparece oculto —lémbra-nos a esas medias que deformaban a cara de Ana Mendieta nos seus *Facial Cosmetic Variations* e ao anonimato que garantían as máscaras cómicas en *Confess all on video*, de Gillian Wearing— e aprisionado, aludindo á simulación, á falsa representación e á clara decisión de asaltar o visitante para atrapalo no proceso.

Nun intento de mostrar os recunchos que deixan ver sen ser visto, entrever sen identificar, como no gusto polo arabesco de Moureau, ou os signos lingüísticos nas celosías de Cristina Iglesias, modifíco a miña imaxe con medias caladas, de reixa ou de encaixe. Estampados florais, xeométricos e filigranas envolventes como gaiolas de seda, nailon ou licra. Auto(rre)trátome, con efecto fetiche, para un plan de execución que toma por asalto ao sistema artístico e, polo tanto, ao espectador. [AGR]

O aprisionamiento e refuxio alternáanse en *Sen título*, 2011, unha gaiola a escala humana elaborada con ferro, unha escultura que mantén unha relación dinámica co espectador, onde reaparece a lámpada, presente noutras obras da artista, e esa alusión á utopía e ao poder. A beleza da gaiola fálanos da comodidade do encerro, do abandono; o contrario á ansiedade que provoca a busca.

A obra de González Reyes sitúase nun ámbito crítico e desprega unha ironía afiada e ferinte. Todo iso mesturado cunha actitude firme respecto aos valores estéticos en pezas como *Sen título* —unha carreta forrada de veludo, material ao que recorre polo seu valor simbólico e estético, polo seu significado, como representación visual de aspectos moi relacionados coa artista, como o capricho, a satisfacción ou o luxo— ou *Xardín*. Outras, como contrapunto, ameázannos con títulos como *Tender a rede (trampa escultórica)* ou *Pesadelo*. A artista parece retomar a Louise Bourgeois cando afirma que 'a arte serve para expresar emocións', consciente de que, cando nos deixamos levar pola emoción, nesa busca nos perdemos. *Xardín* é unha peza elaborada pola artista dende un mínimo compoñente: o abelorio. Miles de abelorios cosidos pola artista e dispostos debuxando un labirinto, símbolo da confusión e o enredo. Un labirinto aberto, sen principio nin fin, que adquire unha disposición reticular no seu intento por controlar o caos. Os abelorios están xa inmóbiles, coidadosamente ordenados, nun lugar propio.

*Tender a rede (trampa escultórica)* propónse como unha rede, unha rede ilustrativa de certa sensación de benestar, dun espazo onde hai orde e beleza, que nos fascina, nos atrae e nos seduce, tanto que cando queremos saír dámonos conta de que estamos xusto no medio, atrapados, curiosamente nunha rede de malla metálica de protección anti-cortes, que á vez que te atraparía te protexería. Unha trampa pensada para cativarnos pola súa forma, pola súa posición, unha trampa que evidencia a súa propia estrutura, moi sólida, a pesar da flexibilidade do material, cuxo enorme peso se presenta como algo suave, case livián, dinámico, con formas ondulantes e suspendida no aire, case disposta a alzar o voo en calquera momento. [AGR]

Nesa busca da emoción artística formaliza a artista a trampa. Translúcida, esconde un significado dual e, de novo, remítenos a Bourgeois: 'a seguridade da gorida pode tamén ser unha trampa'. No fondo percíbese unha lámpada, o obxecto sedutor, e no camiño atrápanos a rede. A lámpada, caída, refírese ao fracaso inevitable ao entrar no xogo da busca da emoción estética.

A ambivalencia das pezas de Amaya González Reyes reside no seu aspecto amable, fráxil, por un lado, e no seu significado amenazante e agresor, por outro, o que conforma unha metáfora daquilo que sempre lle fascinou: as relacións de poder. Cuestións simbólicas e formais, presentes en pezas que oscilan entre un minimalismo e un barroquismo aparentemente contraditorios. E é precisamente esta contradición a que nos advirte de que os seus traballos non responden a unha categoría definida, senón que cada peza se confronta coas vivencias da artista, coas súas obsesións e frustracións.

## NOTA DE PRENSA

Materiais cotiáns e *objets trouvés* conviven coas fotografías e as esculturas, nun conxunto que fala de ilusión e representación, e que adquire unidade no carácter autobiográfico do traballo de González Reyes. No trasfondo está sempre a busca, o experimento, o intento; e o azar como elemento permanente.

A proposta complétase cunha película, un punto de encontro onde conflúen todas as demais obras, que funcionan de forma in(ter)dependiente no espazo de exposición. *Vivencias dunha pega (un ensaio sobre o exceso e o luxo)* formula unha reflexión en torno á sociedade do luxo e dos excesos. Proxéctase nun espazo fronte a unha cadeira baleira, que alude novamente á presenza da artista que —ausente— concede ás pezas un halo performativo. Trátase dun filme de ficción, de curta duración, baseado nunha estrutura clásica de planeamento, nó e desenlace. A protagonista, a artista, confróntase co seu alter-ego, con ese outro eu que representa a beleza, o luxo, o poder. Toma como punto de partida esa duplicidade, para confrontarse consigo mesma e ofrecernos un repaso polas súas obsesións, caprichos e outros aspectos recorrentes no seu traballo, como a dualidade realidade-ficción e a reflexión sobre a aparencia, o imaxinario ou o simbólico. Cada unha das pezas que compoñen a exposición —a gaiola, a lámpada, o labirinto, a trampa, a carreta ou os autorretratos— atopan o seu reflexo na película, de forma literal ou suxerida, o que lles confire teatralidade e carácter escenográfico, nun aceno cara ao espectador que, máis que nunca, se converte en protagonista do paradoxo expresado por Jacques Rancière: 'non hai teatro sen espectador'. O espectador emancipado, o que coñece e participa, é o que dá sentido aos interrogantes formulados pola artista”.

[Extracto do texto curatorial para o catálogo da exposición]

## **SOBRE A ARTISTA**

---

### **Amaya González Reyes (Sanxenxo, Pontevedra, 1979)**

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo, nas especialidades de escultura e pintura. Realiza estadias de traballo e formación en Arteleku (Donostia/San Sebastián), Museu Serralves (O Porto) e LABoral Escena (Xixón), dentro do programa Mugatxoan. Asiste a diversos talleres con artistas como Gabriel Orozco (Fundación Botín, Santander), Isidoro Valcárcel Medina (Facultade de Belas Artes, Pontevedra) e David Lamelas (MARCO, Vigo), entre outros. Recibiu a bolsa de creación artística da Fundación Laxeiro de Vigo, a bolsa de produción do programa Mugatxoan, e a Axuda á Produción Artística do Centro Cultural Montehermoso Kulturenea de Vitoria. A súa obra, que podería definirse como interdisciplinar, estivo presente en numerosas exposicións de arte contemporánea (CGAC, MARCO, Círculo de Bellas Artes de Madrid...) e en feiras de arte nacionais e internacionais como ARCO (Madrid), Artissima (Turín), MACO (México), Fiac (París) e The Armory Show (Nova York) coa Galería Pilar Parra & Romero (Madrid); así como en coleccións públicas e privadas como a do CGAC (Santiago de Compostela) ou o Museo de Cantabria.

### **Exposicións individuais**

- 2011 *Entrar na obra. Perder(se) nela.* MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- 2009 *Una idea brillante y otras historias adorables.* Galería Pilar Parra & Romero, Madrid
- 2008 *Artísticamente (in)correcto.* Zona C, Santiago de Compostela  
*Osadía (quiero ser un poco como On Kawara).* Centro Cultural Montehermoso, Vitoria-Gasteiz  
*Yo gasto.* The back room, Galería Pilar Parra & Romero, Madrid
- 2006 *En efectivo,* Fundación Laxeiro, Vigo

### **Exposicións colectivas (selección)**

- 2010 *I got a break baby.* Galería Pilar Parra & Romero, Madrid  
*La osadía del Bufón. Historias de arte y política.* Museo Torrente Ballester, Ferrol  
Stand Galería Pilar Parra & Romero. The Armory Show, Nova York  
Stand Galería Pilar Parra & Romero. ARCO 2010, Madrid
- 2009 *Sans Titre.* Centre civic Sant Andreu. Barcelona  
Stand Galería Pilar Parra & Romero, The Armory Show, Nova York  
*Yo gasto.* Solo project. Galería Pilar Parra & Romero, ARCO 2009, Madrid
- 2008 *Marxes e Mapas.* Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela  
Bienal de Pontevedra, Pazo de Congresos de Pontevedra
- 2007 V Premio de Artes plásticas Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela  
*GzCrea.* Zona C, San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela  
*Fronte{i}ras.* Sala X, Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Itinerancia a San Pedro do Sul, Portugal  
Mostra de Artes Visuais INJUVE. Círculo de Bellas Artes, Madrid. Itinerancia a Chile, Arxentina  
*Born3.* Convocatoria de Artes Plásticas. Galería Casaborne, Antequera, Málaga  
Premios Rei en Jaume de Artes Plásticas. Calviá, Mallorca  
V Certame de Artes Plásticas Deputación de Ourense. Centro Cultural Deputación de Ourense  
*Kaldarte.* Intervencións no espazo público. Caldas de Reis, Pontevedra  
Certamen Videominuto. Universidad de Zaragoza  
Bienal de Vilanova de Cerveira, Portugal  
Valencia Crea 2007. Jóvenes creadores. Espacio Greenspace, Valencia  
Bienal Pintor Laxeiro, Lalín, Pontevedra  
Fem Art'07. Cal La Dona, Barcelona  
Vanguardclasidia'06. Espacio joven, Salamanca

# NOTA DE PRENSA

- 2006 *Resistentes*. Pazo de Cultura de Pontevedra  
*Extramundi*. Fundación Feima, Madrid  
*Fora fai frío (fff)*. Sala X. Facultade de Belas Artes, Pontevedra  
*Videourbanitas*. Espacio Movistar, Forum Barcelona  
*Diferentes*. *Junge Spanische Kunst in Asbach*. Museum Kloster Asbach, Alemaña  
Novos Valores 2006. Museo Sarmiento, Pontevedra  
*Laberinto de museos*. Instituto Cervantes, Beijing  
MICA 3. Proxección de vídeo ao aire libre. Museu Miquel Casablanças, Barcelona  
*La Ilusión Del Pirata*. Concurs d'arts Visuals Premi Miquel Casablanças 2006. Centre Civic Sant Andreu, Barcelona  
*Urbanitas*. MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
- 2005 Pilot 2. International Art Forum, Londres  
Residentes 2005. Sala de exposicións Caixa Galicia, Santiago de Compostela
- 2004 *Eu, Museo*. MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
*Arte en Pontevedra, Mulleres*, como membro do grupo artístico Zig Zag. Pazo da Cultura, Pontevedra

## Premios e bolsas

- 2010 Residencia en Montemor O Novo. Colaboración con Mala Voadora, Montemor o Novo, Portugal
- 2009 Bolsa en residencia e presentación do proxecto realizado en Mugatxoan. LABoral Escena, Xixón
- 2008 Bolsa de residencia para produción de proxecto artístico Mugatxoan. Residencia en Arteleku (Donostia/San Sebastián), Museu Serralves (O Porto), LABoral Escena (Xixón)
- 2007 Accesit V Premio Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela  
Ayuda a la Creación Artística Centro Cultural Montehermoso, Vitoria/Gasteiz  
*Fronte(i)ras*. Residencia artística en Nodar, Portugal  
Accesit Muestra de Artes Plásticas INJUVE 2007  
Premio Nacional de Videoarte. Valencia Crea 2007
- 2006 Vanguardclasidia. 2º premio de fotografía. Certamen de jóvenes creadores, Salamanca  
Mugatxoan. Proxecto de procesos artísticos desenvolvido en Arteleku (Donostia) e Fundação Serralves (O Porto)
- 2005 Bolsa creación artística Fundación Laxeiro – AFINSA, Vigo  
*Residentes*: Bolsa en residencia San Martiño Pinario, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela
- 2003 Accesit III Premio Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela

---

Se desexa recibir máis información, diríxase a:  
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo  
Departamento de Comunicación (Marta Viana ou Pilar Souto)  
R/ Príncipe 54 - 36202 Vigo  
Tel. +34 986 11 39 08 / 11 39 03 / 11 39 00 Fax. +34 986 11 39 01  
Email: [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com) [pilar.souto@marcovigo.com](mailto:pilar.souto@marcovigo.com)